

A CUESTIÓN FORAL NA PRIMEIRA REPÚBLICA

No marco das transformacións que se operaron na estrutura da propiedade da terra en Galicia durante o século XIX, a primeira e única lei de redención de foros, aprobada polas Cortes republicanas de 1873 segundo o proxecto do deputado ourensán Paz Novoa, supón unha etapa fundamental e decisiva. Pensemos que en Galicia a revolución liberal só reafirmara as características dominantes do réxime agrario anterior, sancionando unha forma de propiedade compartida que implicaba idénticos sistemas de tenencia e, de resultas, o estancamento dunha economía agraria dominada polo minifundio e o arcaísmo dunhas estruturas rexidas polo foro.

Precisamente, a contradicción que conleva mante-lo sistema foral no contexto dun novo orde económico e social será o eixe ó redor do que xiren os postulados de todo un pensamento económico que, tendo como precedente a obra de Colmeiro, ha da-los seus mellores froitos nos anos centrais do XIX¹. O foro considérase peza mestra á hora de explica-lo estancamento da agricultura galega e a súa eliminación condición indispensable para a entrada de relacións de produción capitalista no sector agrario.

Agora ben, o problema non se establece en termos exclu-

¹ No ano 1843 Colmeiro publica a súa *Memoria sobre el modo más acertado de remediar los males inherentes a la extremada subdivisión de la propiedad territorial en Galicia*, que pode ser considerada o preámbulo dun intenso debate encol do problema da propiedade agraria na súa dobre vertente de minifundio e sistema foral. No fin da década dos 50 e primeiros anos dos 60 son numerosas as exposicións, artigos e informes que analizan o estado da cuestión agraria en Galicia, tomando como eixe central o problema dos foros e apuntando dúas posibles solucións: a reversión en favor do dominio directo ou a redención por parte do útil. Na liña redencionista militan, entre outros, Planellas Giralt, Sánchez Villamarín e Castro Bolaño; como partidarios do "statu quo", Luis de Trelles, Jacobo Gil Villanueva ou José Pardo Bazán. A intensa polémica ha rematar no ano 1864, cando Pelayo Cuesta presenta ás Cortes un proxecto de redención de foros e a Sociedad Económica de Santiago organiza un Congreso Agrícola onde se había estudar a conveniencia ou non de manter o sistema foral. O fracaso de ámbolos dous intentos non fixo senón demostra-la forza dos rentistas no intre de atrancar calquera intento de transformación.

sivamente económicos. A supresión do foro supoñía a desaparición do rentista e por iso se converteu a defensa do sistema en símbolos dos intereses dunha clase que non só ve ameazados os fundamentos do seu poder económico senón a súa futura supervivencia. Os sucesivos intentos de reforma —proyecto redencionista de Pelayo Cuesta e Congreso Agrícola de Santiago, ámbolos dous en 1864— fracasaran e será precisamente nesta situación de claro inmovilismo onde a lei de 1873 cobre realmente importancia, como única saída válida a un problema que parecía arrecantado definitivamente.

Nas páxinas que seguen propoñémonos analiza-la curta vida da lei e o contexto no que esta se desenvolveu. Deixando de man os seus efectos económicos e sociais, isto é, a súa realización práctica, tema que requeriría un tratamento a parte², centrarémonos tan só no ambiente que rodeou a súa aprobación, a dura reacción que provocou no seo dos rentistas e como finalmente se chegou ó decreto de suspensión de febreiro de 1874.

Para coñece-la forma en que se xestou a lei de redención é conveniente tocar ó menos dúas cuestións. Primeiro, a asunción do problema foral polos republicanos galegos e, segundo, como a solución prevista se adapta perfectamente ós planteamentos da reforma agraria federal.

En efecto, os republicanos, que xa incluíran a loita anti-foral no seu programa, desenrolaron amplamente este tema, redención e ata abolición das cárregas, na campaña que precedeu ás eleccións de maio do 73, cousa que, para Xan Moreno, contribuíu en boa medida ó éxito obtido, “haciendo atractiva la participación de campesinos no propietarios, pequeños propietarios y pequeña burguesía forera de las ciudades”³. Mais, a carón da necesidade de amplia-la base social do partido, tamén o propio carácter pequeno-burgués do proxecto republicano explicaría a asunción da problemática foral. Neste senso, a solución redencionista encaixaba perfectamente nun plan de lexislación agraria encamiñado a eliminar primeiro os residuos do antigo réxime e conseguir despois unha ampliación da propiedade, único medio de desproletarizar gradualmente ó campesiñado. Previase que a adquisición das terras polos cultivadores, obxectivo prioritario da reforma, incluíse dúas etapas, a transformación do arrendamento en censo e a posterior redención dos censos a prazos, fase esta que xa contén o xermolo da futura redención, constituíndo

² Este aspecto concreto constitúe a parte central da miña obra *Campesinos propietarios. La redención de foros en la provincia de Lugo durante la Primera República*, na imprenta, onde, por outra parte, se atoparán exposicións máis detalladas dos temas e cuestións aquí tratados.

³ X. M. Moreno González, *El federalismo gallego en el sexenio 1868-1874*, memoria de licenciatura, Santiago, 1978, inédita, pág. 115.

a súa realización, en opinión de Jutglar; “una de las características más interesantes de la República de 1873”⁴.

Sen esquecermos, por suposto, o estado da discusión foral nos círculos políticos e intelectuais galegos —o mesmo Paz Novoa ha presenta-lo seu proxecto ante a Cámara como froito dun lento pero fecundo labor anterior—, a nosa intención é advertir sobre a multiplicidade de factores que confluíron na xestación da lei. Os probables compromisos contraídos co electorado⁵ uníanse os intereses dunha burguesía consciente da súa posición no novo orde económico e mailas ideas reformistas dun partido que eludía calquera tipo de revolución social profunda.

O que parece obvio, sen embargo, é o papel decisivo que xogaron os republicanos, e máis se se ten en conta o calexón sen saída no que entrara a debatida cuestión foral na altura do 73. O mesmo Pi y Margall, no seu discurso programa ás Cortes, recoñecía a necesidade de proceder de contado a unha reforma agraria que, ampliando a distribución da propiedade, fíxese que a terra fose parar progresivamente ás mans dos seus cultivadores. Os obxectivos a acadar neste campo habíanse centrar na eliminación de gravames feudais e na crítica ás leis desamortizadoras, en especial a de Madoz. A alternativa que ofrece a lexislación republicana comprende varias proposicións de lei, con tres obxectivos moi claros: distribución das terras e censo reservativo, abolición de rendas e prestacións señoriais e devolución ó pobo dos bens de aproveitamento en común⁶. Emporiso, ningunha delas chegou a prosperar, agás o proxecto de lei do deputado Paz Novoa “dic-tando normas para la redención de foros, subforos y demás derechos de esta naturaleza”.

As liñas mestras do proxecto de 1873 aparecen xa nunha colección de artigos que Paz Novoa publicou primeiro na prensa e reuniu logo no folleto *Los foros de Galicia*, editado

⁴ A Jutglar Bernaus, *Pi y Margall y el federalismo español*, Madrid, 1975, vol. I, páx. 362.

⁵ De feito, cando os federais defenden o proxecto de lei na Cámara aludirán a certa presión neste campo. Concretamente o deputado galego Alvarado admitirá o ter adquiridos compromisos cos labregos e estar decidido a mantelos mentres que o partido republicano contase con maioría, “por la sencilla razón —engade el— que al adquirirlos he sabido perfectamente lo que hacía y no he adquirido más que aquellos que en conciencia creía que debía aceptar” (*Diario de Sesiones*, 8-VIII-1873).

⁶ Referímonos, en concreto, ós catro proxectos de lei que no tocante a reforma agraria presentaron os republicanos nas Cortes do 73: “Proposición de ley sobre el reparto de bienes propios de los pueblos” (*Diario de Sesiones*, 23-VI-1873), “Proyecto de ley sobre venta de bienes de aprovechamiento común” (*Diario de Sesiones*, 12-VII-1873), “Proposición de ley para que se devuelvan a los pueblos los bienes de aprovechamiento común” (*Diario de Sesiones*, 6-VIII-1873) e “Presentación de ley sobre reparto de tierras entre los braceros” (*Diario de Sesiones*, 18-VIII-1873).

en Ourense en 1872⁷. Por máis que nel recolle unha parte das críticas e solucións xa apuntadas polos redencionistas, o problema abórdase agora desde unha perspectiva eminentemente social: a redención é imprescindible se se quere lograla emancipación do campesiñado (“proletariado de los campos”, como el lle chama), afundido na miseria e subordinado á influencia nefasta do cacique. Por outra parte, e no plano económico, Galicia reclama unha mellor organización da propiedade privada e para isto cómpre dar comenzo pola supresión de todo tipo de cárregas, única maneira de reconstruí-la propiedade territorial sobre a base da liberdade e a xusticia.

O ano seguinte, o triunfo dos republicanos habíalle permitir a Paz Novoa levar á práctica o que ata o entón só fixera correr ríos de tinta e provocar acendidos debates. Convencido el, como o estaban moitos, de que só unha lei lle podía poñer fin a un problema tan longamente aprazado, presentou ás Cortes un proxecto artellado ó redor de tres puntos fundamentais: primeiro, que a redención se levase a cabo sempre que algún ou algúns dos foreiros quixesen e puidesen facelo, sen limitación de tempo e coa única prohibición de vende-lo redimido nun prazo de catro anos; segundo, que se fixese por forais enteiros, coa fin de non perxudicar ós propietarios; e terceiro, que o tipo de capitalización se fixase nun seis por cento.

No breve discurso en defensa do proxecto (sesión do 5 de xullo) Paz Novoa recalcou de novo o seu matiz social. A imaxe dunha Galicia dividida en dúas clases, “una que trabaja y no puede vivir y otra que vive en la opulencia sin trabajar”, sería o que serviu de única guía para unha lei que non só pretende varia-las relacións xurídicas entre ambos dominios, senón “realizar de una manera legal, ordenada y meditada una profunda y saludable transformación social”. En termos moi semellantes pronunciouse tamén a comisión dictaminadora, que á hora de elixir entre a reversión a favor do dominio directo ou a redención polo útil acordou optar por esta última, pois que impide a aparición do proletariado agrícola, calificado de “plaga terrible de las sociedades modernas”.

A situación do campo galego constituía, de feito, unha plataforma máis que favorable á pretensión republicana de ampliala propiedade e favorecer así o nacemento dunha nova clase de pequenos propietarios e foi por isto polo que o proxecto de Paz Novoa aprobouse practicamente sen reservas. Aínda non decorreran dous meses desde a apertura oficial das Cortes cando estas daban por fin luz verde á redención de foros. O debate posterior ía demostra-lo difícil que fora

⁷ J. M. Paz Novoa, *Los foros de Galicia. Apuntes sobre la actual organización de la propiedad territorial en estas cuatro provincias gallegas y necesidad de su reforma*, Ourense, 1872.

dar este primeiro paso e, o que é tan importante, ata que punto a oposición, firme baluarte dos intereses do rentista, estaba decidida a impedir a calquera custe a promulgación da lei nos termos previstos polo dictame.

A discusión do proxecto comenzou o día 8 de agosto. A primeira parte, ou discusión sobre a totalidade, que ocupou a sesión do primeiro día, contou coa intervención de Valdés Barrio e Salustio Víctor Alvarado, republicano federal e membro da comisión. Este debate inicial, con dous temas a tratar, a oportunidade ou non de proceder á votación do proxecto e o seu enfoque político-económico, veu confirma-los diferentes estados de opinión que sobre a cuestión foral dividían ás Cortes do 73, prolongando o que ata daquela foran posturas irreconciliables a favor ou en contra do sistema.

Se ben o intento de demora-la votación non prosperou, asistimos de novo —lembrémo-lo Congreso Agrícola de 1864— á pretensión de aprazar *sine die* a discusión da futura lei. Xa aberto o debate, non sen antes denuncia-las presións habidas, desde a óptica conservadora califícase o dictame de meramente político, de “respuesta obligada” ós compromisos contraídos co electorado. Á marxe do seu “oportunismo” e “precipitación”, a redención sería totalmente ineficaz no plano económico, pois que o campesiño carece dos recursos necesarios para redimir. E desde un punto de vista estritamente xurídico, no tanto que a lei “ataca derechos legítimamente adquiridos”, non pode considerarse por menos do que “una expropiación forzosa sin indemnización alguna”.

Pola súa parte, Alvarado volverá insistir en que a comisión, chegado o momento de afrontar un problema urxente e ineludible, non dubidou en elixir-la solución máis radical, dado que o principio de que parte o proxecto “es esencialmente político, político y social”. Se se quere evitar que apareza un proletariado campesiño, hai que desbotar totalmente a reversión e camiñar cara á ampliación da propiedade, único medio de frea-lo desenvolvemento de “una clase tan perturbadora para el bienestar social”.

Esgotada esta primeira discusión, a sesión non fixo máis do que revela-la imposibilidade de atopar un “término medio” que conciliase posturas e criterios tan opostos. Dándose xa por segura a promulgación da lei, á oposición só lle quedaba intentar reformar aqueles artigos que se consideraban máis perxudiciais para os intereses do propietario. Así se comprende que a segunda parte do debate, ou discusión do articulado (sesións dos días 8, 11 e 19 de agosto), fose centrada case exclusivamente en dúas cuestións claves: o dereito de redimir só por parte dos donos do útil (art. 2.º) e os tipos de capitalización adoptados (art. 7.º).

O artigo 2.º, “el más grave, el más importante y el que

encierra la cuestión más capital del dictamen", como atinadamente o definiu o conservador Pasarón, será o que suscite máis vivas polémicas. Introduci-la posibilidade de reversión a favor do dominio directo, frente no que vai librar unha dura batalla a oposición, significaba en realidade virar por completo o sentido último dun proxecto que, en palabras de Casalduero, perseguía a universalización da propiedade como único medio de favorece-lo traballo. A súa defensa do proxecto coidamos que sintetiza perfectamente o longo debate en torno á cuestión foral: no tanto que uns defendan o capital e outros avoguen pola emancipación dos traballadores, a solución final endexamais poderá ser unitaria.

O voto negativo da Cámara á enmenda de Valdés, que concedía a facultade de reversión sempre que a finca conservase o seu estado primitivo, levou o debate ó seu punto culminante. Os duros ataques ó proxecto por parte dunha oposición cada vez máis radicalizada, que chega a chatalo de "tremenda injusticia para con los propietarios", demostran ata que punto esta estaba decidida a impedir que se aprobase a lei nos termos previstos. Fracasado o primeiro intento, aínda se quere abrir un novo vieiro para a posibilidade de reversión, admitíndoa naqueles casos en que o foreiro non fixese uso do seu dereito a redimir nun prazo máximo de seis meses.

Ó refugar esta última engádega, calificada de "sofisma económico totalmente irrealizable", púxose punto final a unha discusión na que realmente a Cámara non fixo ningunha concesión. O artículo segundo redactouse nos mesmos termos do primitivo proxecto: a lei concedía a facultade de redimir unicamente ós donos do dominio útil, sen prazos de ningún tipo; a reversión non se admitía baixo ningún concepto ou presuposto.

Perdida esta primeira e decisiva batalla, aínda lle quedaba á oposición a posibilidade de "pactar" as condicións da redención, é dicir, os tipos de capitalización adoptados, realmente baixos e favorables ó redimente. Tras propoñeren primeiro como tipo único o tres por cento, e no que se podería considerar un derradeiro intento de atenualos efectos da redención, os firmantes da enmenda acaban "aceptando" unha capitalización ó catro por cento. Había que esgotar tódolos recursos, pero as propostas foron refugadas, o que veu demostrar unha vez máis a inflexibilidade da Cámara á hora de mante-los principios esenciais do proxecto: non só permitir, senón tamén favorece-lo acceso do campesiñado á propiedade da terra. Como se demostraría despois na práctica, as facilidades dadas ós colonos fixeron posible que para o caso as tres cuartas partes das redencións efectuadas na provincia de Lugo fosen realizadas por labregos e titulares dos antigos forais.

Chegados a esta altura, e despois de discutir xa os temas claves do dictame, os restantes artigos foron aprobados practicamente sen debate. Só a redacción do artigo 12, relativo ó laudemio, suscitou nova polémica. Finalmente, e contra a pretensión de respetalo naqueles contratos onde estivese estipulado, o laudemio, "carga odiosa e injusta, sin cabida en una ley de rango democrático", como o definiu Leocadio Cacho, declarouse non computable a efectos de redención.

O 19 de agosto foi aprobado ó fin o proxecto de lei, admitindo a comisión sendos artigos adicionais que facían extensibles as disposicións da lei ós contratos de "rabassa morta" cataláns e "treudos" aragoneses. Conseguiáse así un dos obxectivos prioritarios da política agraria federal, isto é, a abolición de todo tipo de gravames de orixe feudal en beneficio da clase campesiña.

A lei, decretada e sancionada polas Cortes o día 20 de agosto, constaba na súa redacción definitiva de quince artigos e dúas disposicións transitorias. Polo artigo 1.º decláranse redimibles "todas las pensiones y rentas que afectan a la propiedad inmueble, conocidas con los nombres de foros, subforos, censos frumentarios o rentas en saco, derechuras, rabassa morta y cualesquiera otras de la misma naturaleza". Polo artigo 2.º, que o dereito de redención correspondía unicamente ós obrigados ó pago da renda, non podendo estes enaxenalos bens nos catro anos seguintes, de non decaer a súa fortuna.

Tocante á forma de levar a cabo a redención, fariáse por forais enteiros, se así o esixise o perceptor (art. 3.º), aínda que calquera dos pagadores podía obter a redención total, se os demais renunciásen a facelo das súas cuotas respectivas, que poderían ser redimidas de forma individual ou ben pagando ó que efectuara a enaxenación conxunta (art. 4.º). Só se redimirían individualmente as cargas de importe anual que non baixáse das vinte e cinco pesetas, en predios rústicos, e as que gravásen fincas urbanas de valor superior ás dúas mil (art. 5.º).

As formas de pago e tipos de capitalización quedaban regulamentadas nos artigos 6.º, 7.º e 8.º A redacción primitiva do artigo 6.º tivo que ser modificada pois que a súa interpretación resultou francamente desfavorable ós colonos. Estipulábase que sempre que o capital das cargas constase liquidado no título de adquisición ou imposición, a redención fariáse abonando o mesmo capital ou o seu equivalente. Na práctica, simulábanse operacións de venda que elevaban considerablemente o valor dos predios e privaban ó campesiño da posibilidade de redimir. O coñecemento dos tales abusos deu como resultado unha lei aclaratoria ó artigo 6.º, san-

cionada o 16 de setembro de 1873⁸. Polo que fai ás bases de capitalización (art. 7.º), establecíase o seis por cento para cárregas de renda que non rebordase as vinte e cinco pesetas, servindo de cómputo para as pagadas en especie a súa valoración a teor da medida e precio acadado no último decenio. Os gastos serían sempre por conta dos redimentes, podendo esixilo perceptor, nas operacións a prazos, unha hipoteca especial sobre as fincas (art. 8.º). No que respecta ás rendas e pensións procedentes dos bens nacionais, quedaban suxeitas ó establecido nos anteriores artigos (art. 10.º).

Unha vez regulamentada a forma en que se debía efectuar a redención e delimitado o seu campo de aplicación, entramos no que se poderían considerar normas a seguir en caso de futuros contratos. O laudemio abolíase (art. 12.º), o mesmo co subforo, quedando suxeitos a redención tódolos gravames obxecto da lei impostos a partir da data da súa promulgación (art. 13.º). A obriga do pago da renda non se faría en recoñecemento do dominio, senón en consideración ós froitos, e tampouco se presumía solidaria esta obriga (artículo 14.º). Non se eliminaba, xa que logo, o contrato foral; mais, ó facelo redimible, desaparecían as cárregas que ligaban ó colono. Unha das condicións esenciais do contrato, a súa perpetuidade, ficaba alterada e co tempo os futuros foreiros poderían convertérense en propietarios plenos das terras cultivadas.

As arelas e presupostos de cantos avogaran por unha reforma do sistema en favor do dominio útil quedaban reflexadas no articulado desta primeira lei de redención de foros, na redacción da cal poucas, por non dicir ningunha, concesións se fixeron. Agora ben, por máis que se pretendían respetalos dereitos do perceptor por medio dunha "justa indemnización", o seu sentido eminentemente social primaba ós colonos, o que, como veremos e cabía agardar, provocou unha dura reacción dos propietarios, ameazados no que ata agora foran os seus intocables dereitos.

A oposición á lei redencionista canalizouse de primeiras a través da prensa, que moi logo se vai converter en vehículo de expresión dos propietarios afectados. Artigos, cartas, peticións de suspensión, etc., encamiñados a crear un ambiente proclive á abolición, sucederanse case que ininterrompidamente ó longo dos poucos meses nos que aquela estivo vixente.

A carta de "Un gallego rural", dirixida ó madrileño *La Época* o día 2 de setembro, iniciará a polémica sobre a conveniencia de suspende-los efectos legais. Os argumentos non

⁸ A nova redacción do artigo 6.º especifica xa que a redención se efectúe desta forma "siempre que dicho capital sea igual o exceda del total de la capitalización de la renta, verificada al seis por ciento" (*Diario de Sesiones*, 16-IX-1873).

son novos: a lei, aprobada con demasiada lixeireza por quen descoñecían a esencia e beneficios do sistema foral, supón tan só “el despojo de una clase por otra, sin miramiento alguno, sin apariencia de justicia siquiera”. O mesmo xornal publicou ós poucos días (7-IX-1873) a réplica do deputado galego Leocadio Cacho, para quen os intereses dos propietarios estarían abondo representados nunha Asamblea “donde hay sin duda más dueños de foros que foreros” —alúdese concretamente a Daniel Valdés, “cuya propiedad la componen casi exclusivamente las rentas que cobra por foros”—. Tras unha discusión longa e fecunda a lei aprobouse “ni por motivos ni con fines políticos” e, é máis, coa anuencia de recoñecidos autores como Castro Bolaño, Herbella ou Besada, todos eles galegos e non precisamente republicanos, que xa antes enfocaran a cuestión foral en termos moi semellantes ós adoptados pola Cámara.

A polémica parecía que seguía reducíndose, coma ata daquela, a un simple “intercambio” de opinións contrarias. Emporiso, logo se advertirá a necesidade de adoptar novas medidas de presión. O paso decisivo deuno Segundo Hombre, propietario de Noia, nunha serie de artigos que so o epígrafe “Cuestión Foral” publicou *El Ejemplo* e que serviron de punto de partida á actuación dos rentistas afectados. O mesmo xornal haos calificar de “excelente y decidida campaña en contra de la reforma hecha por la ley de foros”⁹.

A marxe dos consabidos erros nos que esta incorre (dereito exclusivo de redimir por parte do útil, abolición do laudemio, tipos de capitalización, etc.), erros que por si sós reclamarían unha revisión do texto legal, a redención obrigatoria inflinxe o artículo 14 da Constitución, “aquel que nos garantiza a los propietarios el derecho ilegislable, inviolable, porque es anterior y superior a todo otro, de que nadie en interés particular puede privarnos del libre uso de nuestros bienes”. Velaquí o único terreo onde cómpre libra-la batalla. Agora ben, dado que sería inútil esperar calquera apoio do partido no poder, deben se-los mesmos propietarios os que emprendan as accións pertinentes: “Los tribunales son, pues, la única tabla de salvación que podrá liberarnos de este tormentoso naufragio (...), dejémonos de lamentaciones estériles y unámonos para no ser batidos en detalle (...), formemos un cuerpo, abramos una suscripción para subvenir a los gastos que ocurran (...), discurramos medios legítimos de defensa, sigámonos hasta la casación inclusive (...), elijamos un periódico que sostenga nuestros derechos (...), no dejemos de ejercitar además el derecho de petición, de interesar a nuestros diputados a que reparen los errores, de acudir a las urnas en su día con

⁹ *El Ejemplo*, 21-IX-1873.

todas nuestras fuerzas y, en una palabra, de no descansar hasta librarnos de esta terrible invasión comunista”.

Ata aquí o que podería ser unha postura de forza común, pero a proposta deste combativo propietario vai máis lonxe aínda. Quedaban as accións individuais, importantísimas e imprescindibles se se quería apuntala-la victoria. O seu propio “plan de defensa”, posto xa en práctica en tres xuícos de redención pendentes, non debería atemorizar a ningún porque, acolléndose ó artículo 14 da Constitución, é perfectamente lexítimo: “Fundado en esta doutrina y sobre todo en los derechos individuales que la nación en uso de su soberanía me ha concedido (...) pediré la no admisión de la demanda por ilegal y cuando a ello no haya lugar, la absolución en definitiva con las costas (...). Estos juicios así contestados seguirán, si los demandantes no desisten, toda su tramitación y todas las instancias que la legislación adjetiva permita, porque, a la verdad, no soy de los que impunemente se dejan despojar”.

Transcorrido pouco máis dun mes (a carta está datada o 1 de outubro), a reacción dos propietarios poñíase en marcha. Contando co apoio da prensa, poderoso mobilizador de opinións, comenzaría a verdadeira campaña en contra da redención, chegándose se fose preciso a unha postura de forza, ou o que é igual, atrancando no posible os expedientes de redención solicitados.

A resposta dos propietarios foi unánime. A partir deste momento aparecerán en case tódolos xornais galegos convocatorias de reunións, cartas e comunicados esixindo a inmediata abolición da lei. Mais, antes de pasarmos a analisalo alcance e o contido desta campaña, convén pasar revista a toda unha serie de artigos que oportunamente bombardearon a prensa nos meses seguintes¹⁰. E máis cos argumentos esgrimidos (lexitimidade do contrato, vantaxes do sistema foral, carácter político da reforma, etc.), pouco novidosos eles, interésanos salientar como desde agora se silencia o tan carexado perxuício económico infrinxido ós antigos perceptoros. Insistirase, pola contra, na precaria situación do labrego, agoniado por cretos e pagos excesivos, a mercede de usureiros e especuladores. Mesmo se chega a insinualo “altruismo” de cantos, pensando nas clases menos favorecidas, procuran soamente corrixirlos erros cometidos. Preténdese, en suma, xustifica-la reacción duns propietarios movidos non por egoístas intereses económicos, senón simplemente “heridos” e “agraviados” pola “injusticia legal” que contra eles se cometeu.

¹⁰ Entre outros, a serie de artigos que no mes de novembro remite a *El Diario de Santiago* Daniel Valdés (“Los foros. Su origen y vicisitudes. Su estado actual. Necesidad de su redención”) e os que, de autor anónimo e só o título “Foros”, publicara *El Ejemplo* a comenzos de outubro.

O primeiro paso xa estaba dado. O obxectivo da tal campaña de prensa, crear un ambiente favorable á abolición e defender ó mesmo tempo a postura adoptada polos rentistas, non ha tardar en surtir efecto. Precedida e amparada por unha publicística que tan ben soubo defende-los seus dereitos, a reacción dos propios afectados, anque tardía, produciuse en bloque.

No mes de outubro foron os propietarios coruñeses quen tomaron a iniciativa, convocando unha reunión na que se estudarían as posibles reformas a introducir na lei de 20 de agosto. Ós poucos días xa se celebrou unha assemblea, e maioritariamente ó que parece, na Coruña. Do ambiente que se respiraba e sobre a actitude dos asistentes pódenos dar idea o texto da convocatoria: "No obstante de nuestra excitación, los propietarios y rentistas de esta ciudad permanecerán tranquilos, pero dispuestos a sacrificar una tercera parte de sus rentas, si es necesario, en litigios para defender sus derechos"¹¹. A esta primeira reunión seguiralle outra en Madrid, dos rentistas alí residentes, onde se acorda nomear unha xunta que, contando co respaldo dunha forte campaña de oposición, había encargarse de xestionar ante o goberno a abolición da lei. A comisión elixida a tal efecto contaba cunha nutrida representación da nobreza terratenente: o conde de Toreno, comisionado por Asturias; o marqués de Figueroa e mailo conde de Maceda, por Galicia; o barón de Eroles e mailo marqués de Monistrol, por Catalunya. Ninguén mellor ca eles sabería defende-los intereses da clase rentista, utilizando a súa influencia cando chegase a ocasión precisa.

A partir deste momento comenza un verdadeiro turbión de cartas, manifestos e peticións de anulación. E non só en Galicia tivo eco a ben orquestada reacción dos propietarios; tamén se elevaron queixas ó Executivo en Catalunya, por parte do Instituto Agrícola de San Isidro, e en Asturias, insistindo na necesidade de proceder á inmediata suspensión dos efectos legais¹². Tocante ó contido destas exposicións, e cinguíndonos ó caso galego que coñecemos pola prensa¹³, bótese de ver en todas elas unha serie de puntos comúns que veñen resumir perfectamente o criterio dos propios afectados:

¹¹ *El Diario de Santiago*, 5-XI-1873.

¹² Referímonos concretamente ás peticións de suspensión dos propietarios de Pravia (31-I-1874), Oviedo (27-I-1874), Avilés (1-II-1874) e Gijón (4-II-1874), que non coñecemos directamente, senón polas referencias que a elas fai R. J. Bravo, *Los foros. Estudio histórico y doctrinal, bibliográfico y crítico de los foros en Asturias y Galicia*, Madrid, 1883, páxs. 227 e 228.

¹³ Contamos coa exposición dirixida ás Cortes polos propietarios da Coruña (*El Eco de Galicia*, 9-XII-1873), a demanda de suspensión firmada polos propietarios de Noia (*El Eco de Galicia*, 20-XII-1873), a que lle envía ó goberno unha representación dos propietarios galegos (*El Diario de Santiago*, 26-I-1874), a carta redactada polos rentistas lucenses (*El Eco de Galicia*, 17-I-1874) e, finalmente, a que o Concello de Santiago remite ó ministro de Gracia y Justicia (*El Diario de Santiago*, 27-I-1874).

a lei redencionista, aprobada con precipitación e lixeireza atendendo a meros intereses partidistas, ben puidera se-lo prelude doutras reformas de máis trascendencia, o comenzo dun cambio na actual organización da sociedade galega, que lle debe ó foro, “contrapeso del descarnado socialismo”, a súa poboación e prosperidade. A redención obrigatoria, “expropiación forzosa”, “violento despojo”, non só falta ós máis elementais preceptos da xusticia, senón que destrúe a propiedade e os alicerces nos que esta fixo pé durante séculos.

Velaquí o verdadeiro temor dos rentistas. O que se xogaba era a súa propia supervivencia como clase e neste campo a batalla tiña que ser dura. Contando coa súa influencia social e política, que tan bós resultados lles dera noutras ocasións, reaccionaran de novo en bloque. O futuro da lei corría serio perigo e así o advertiron os republicanos, os seus únicos defensores: “La ley de foros está amenazada por las gestiones que para su supresión indefinida practican cerca del gobierno unos cuantos condes y marqueses. ¡Quiera el cielo que no se arrepientan de su actual conducta! (...). Si la ley de foros se deroga, gracias a la influencia de media docena de egoístas, mañana se restablecerá, sin duda alguna, bajo una forma algo más violenta y menos ventajosa para los señores del dominio directo. Acordaos de la Revolución Francesa y no obliguéis a los demócratas a que realicen en un día lo que el derecho y la prudencia quieren que se haga en algunos años”¹⁴.

Os poucos meses da súa promulgación, a idea de suspender-la lei frotaba xa no ambiente. Ademais, aínda quedaban as posturas de forza individuais coas que se contaba que se había respalda-la acción colectiva. Non obstante, e ó menos non derogase a lei, era preciso poñerlle-los atrancos posibles ós expedientes de redención solicitados, promovendo toda caste de litixios e accións xudiciais. Non obstante, e ó menos na provincia de Lugo, foron poucos os propietarios que acudiron ós tribunais de xusticia, se ben é certo que outros moitos din que consentiron “sólo por la fuerza, previniendo los gastos judiciales que toda postura de fuerza acarrearía”. En todo caso, se concede-la redención era inevitable, e desde logo máis económico, quedaba como último recurso manifestar dalgún xeito a oposición á tal medida, actitude que si van adoptar-los máis dos rentistas lucenses. Aínda que case todos declaran acceder “no voluntariamente, sino por fuerza y en cumplimiento de la ley”, as formas empregadas perante notario son moi diversas. Desde os casos en que aparece o desexo ou a esperanza nunha pronta abolición (“accede a redimir esperando a cobrar la renta por nulidad de la ley”) ata aqueloutros que detallan os motivos do refugamento

¹⁴ *La República*, 29-I-1874.

(“por creer bajo el tipo de capitalización y por no estar conforme con la ley en cuanto que le obliga a disponer involuntariamente de lo que es suyo”, “porque la ley ataca su derecho de propiedad”...):

En calquera caso, resulta evidente que ó menos na provincia de Lugo se pode falar dun sentimento case xeral e unánime de oposición á lei por parte dos antigos perceptores, que se valerán de argumentos moi semellantes ós esgrimidos polos seus detractores públicos. Os manifestos e pedidos de abolición contaban, de feito, cun forte respaldo, facilmente canalizable ademais se o goberno non accedía a suspende-los efectos legais.

Sen embargo, non foi preciso recorrer a novas medidas de presión. Os resultados da forte e ben organizada reacción non se farían esperar xa que a lei de redención uníu a súa sorte á do réxime que lle dera vida. Caída a República, só fixo falta un mes para que o goberno do xeneral Serrano decretase a suspensión da lei e tódolos seus efectos. Atendendo, conforme reza o preámbulo do decreto de 2 de febreiro de 1874, á premura e precipitación con que aquela fora concedida, a evidente inxusticia cometida cos propietarios e ós indubidables beneficios do sistema foral, derogábase a lei de 20 de agosto, se ben ficaba aberto o camiño cara a unha futura revisión da problemática foral.

Neste senso, e só pretexto de chegar a un profundo e mellor coñecemento do tema, que impedise caer nos mesmos erros, abriuse un período de información pública no que, por circular do 27 de marzo, eran invitados a participar as Audiencias, Colexios de Abogados, Corporacións Científicas e Sociedades Económicas de Galicia, Asturias e Madrid, que debían emitir opinión sobre a lei suspensa e propoñer ó Goberno as posibles reformas, no caso de que estas se considerasen necesarias.

Limitándonos ó caso galego¹⁵, contamos cos informes emitidos polo Colexio de Abogados da Coruña e a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago¹⁶. Para o Colexio de Abogados, ó firme refugamento dunha lei que só pode considerarse “fruto de una efervescencia política y social desen-

¹⁵ Tamén neste caso contamos coa información que nos proporciona Jove y Bravo (*Op. cit.*, páxs. 231 e 232) acerca dos informes emitidos pola Academia Matritense de Legislación y Jurisprudencia, a Real Academia de Ciencias Morales y Políticas, a Audiencia de Valladolid, o Colegio de Abogados, a Audiencia e o Claustro da Universidade de Oviedo.

¹⁶ “Informe sobre foros que eleva al Excmo. Sr. Ministro de Gracia y Justicia el Ilustre Colegio de Abogados de La Coruña” (*Revista de Legislación y Jurisprudencia*, XLVI, 1876) e “Informe de la Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, elevado al Excmo. Sr. Ministro de Gracia y Justicia en virtud de orden del ministerio de 27 de marzo de 1874, sobre foros, subforos y otras cargas semejantes que se conocen en el antiguo Reino de Galicia” (*Ibidem*, XLVII, 1877).

frenada" opóñense as vantaxes dun contrato que se debiera conservar no seu estado primitivo, esto é, perpetuo e indivisible, único remedio contra a extremada subdivisión da propiedade. E tamén a Sociedade Económica de Santiago cadra conforme con que o foro, coas debidas modificacións, habería contribuir a mellora-lo agro galego. Para esto cumpriría restablece-lo principio de indivisibilidade e ó mesmo tempo evita-lo extremo oposto dunha perxudicial concentración, prohibíndose daquela en diante a fragmentación de todo foral de medida que non excedese de tres hectáreas de terra arable e seis a monte. A indivisibilidade non sería, emporiso, atranco para unha posible e futura redención, "condición indispensable en todos los contratos que de esta especie en lo sucesivo se otorguen, ya que ni el interés del cultivo, ni el estado social de los tiempos presentes consienten esta clase de cargas perpetuas que ligan para siempre a la tierra a los poseedores de predios rústicos y urbanos". Neste senso, conviría establecer un prazo razoable para a vixencia do contrato, sen posibilidade de redimir en vida do aforante ou o seu primeiro sucesor. Por último, e polo que fai á indemnización debida, fixárase como tipo único o catro por cento, base que amais de facilita-la redención compensaría ó propietario da súa perda.

O certo é que practicamente tódolos informes emitidos concordan en que o sistema actual debiera ser reformado, que o foro tería de ser no sucesivo redimible e liberado dos abusos que co tempo desnaturalizaron o contrato. O que se critica da lei de 20 de agosto non é tanto a finalidade, libera-la terra de toda carga perpetua, coma os medios, en especial os tipos e formas de pago establecidos. Aceptábase, en resume, a necesidade de proceder a unha transformación das anquilosadas estruturas agrarias galegas, aínda que, eso sí, procedendo de maneira diferente á experimentada no 73.

O goberno xa podía actuar en base á información solicitada, se é que realmente só era esta a causa do decreto de suspensión. Nembargante, preferiron obvia-la cuestión, optando polo consabido *statu quo* tan favorable ós rentistas. Estes triunfaran unha vez máis, se ben é certo que febreiro do 74 sería a súa derradeira e gran victoria. A lei de 20 de agosto supuxo unha breve paréntese, mais conseguiu demostra-la viabilidade do redencionismo como fórmula de recambio cara ó futuro. En contra do que pronosticaran os seus detractores, a redención non beneficiou a intermediarios e axiotistas, senón que nela participaron fundamentalmente labregos. E tampouco os beneficios da lei ficaron reservados para os titulares das grandes explotacións; pola contra, as ventaxosas condicións legais permitiron unha participación maioritaria de medianos, pequenos e ata "minúsculos" paga-

dores de rendas. Desde o foreiro sen terra ata o labrego de bó pasar, todos aqueles campesiños que dispuxeron dun mínimo capital para invertir interviron no proceso redencionista.

De feito, trala experiencia republicana xa ninguén pensa na reversión e, ante a evidente inoperatividade do sistema foral, a consolidación dos dominios a favor do útil aparece como única alternativa válida. A solución que no 73 propuxera Paz Novoa adoptáрана en 1886 Montero Ríos e en 1907 Valcárcel Ocampo e Eduardo Vincenti, é dicir, catorce e trinta e cinco anos despois de que os republicanos conseguiran convertela en lei.

PILAR LÓPEZ RODRÍGUEZ

L u g o

